



SI

O Software Libre nas empresas TIC de Galicia


Edición 2022



XUNTA
DE GALICIA

Índice de Contidos

1. Presentación	Páx. 3
2. Principais resultados	Páx. 5
2.1 Posición global	Páx. 6
2.2 Tipoloxía de software	Páx. 7
2.3 Formación en Software Libre	Páx. 8
2.4 As empresas como proveedoras de solucións TIC	Páx. 9
2.5 Análise sectorial e provincial do software libre	Páx. 10
2.6 Barreiras para non empregar ou ser proveedoras de Software Libre	Páx. 11
2.7 Propostas de actuación e nicho de mercado	Páx. 12



I. Presentación



I. Presentación

- Principais resultados dos indicadores sobre Software Libre integrados na **“Enquisa ás empresas TIC de Galicia”. Edición 2022.**
- Realizada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) da Xunta de Galicia.

Obxectivos

Analizar a situación que está a vivir o Software Libre nas empresas TIC de Galicia, tendo en conta unha dobre vertente:


- Implantación e uso dos distintos tipos de software no sector TIC.
- Oferta de produtos e servizos de Software Libre das empresas TIC aos seus clientes.

Metodoloxía da enquisa do OSIMGA

- 444 entrevistas a empresas galegas do sector TIC.
- Enquisa autoadministrada vía web ou con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefonicamente ou persoalmente para a súa cobertura.
- Traballo de campo: do 2 de maio ao 29 de xuño de 2022.
- A marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,3\%$



2. Principais resultados



2.1 Posición global


O uso do Software Libre mantense por riba do 84% nas empresas TIC galegas. No 2022, o 84,1% empregan este tipo de software nos seus equipos informáticos, sexan ordenadores ou servidores. Leva dous anos en lixeiro descenso.



Evolución do Indicador

Empresas con Software Libre nalgún equipo informático (ordenadores e/ou servidores).

Base: empresas TIC




Fonte: OSIMGA

2.2 Tipoloxía de Software

Aplicacións de Software Libre / Privativo dispoñibles nas empresas.

Base: empresas TIC



Fonte: OSIMGA


As aplicacións libres con maior implantación nas empresas TIC galegas seguen a ser os *Navegadores de internet* e as *aplicacións ofimáticas libres*. Cabe salientar que a presenza do software Libre supera ao privativo no caso das aplicacións de Navegador de Internet, Xestión de contidos web, Aplicacións de desenvolvemento de software, Aplicacións de deseño gráfico, e nas Aplicacións para a formación.

2.3 Formación en Software Libre

Formación en TIC

Formación en TIC recibida polo persoal técnico e usuario

Base: empresas TIC




Fonte: OSIMGA

O indicador da formación recibida nas empresas TIC galegas, mostra que se deu prioridade ao ensino de ámbolos dous tipos de software, libre e privativo, durante o ano 2022. Deste xeito, o 63,1% das empresas TIC formaron aos seus empregados /as en Software Libre.


2.4 As empresas como proveedoras de solucións

- Sobre o total de empresas TIC que venden produtos ou servizos de software, os programas que máis distribúen as empresas TIC en versión de Software Libre son: Xestión de contidos (38,2%), Sistemas, servizos e aplicacións na nube (29,5%) e E-commerce (29,2%).
- Unicamente no caso do E-commerce, a oferta do libre supera ao software privativo.



Produtos de Software Libre que ofrecen as Empresas TIC

Base: empresas TIC que ofrecen produtos ou servizos de software




Fonte: OSIMGA

2.5 Análise sectorial e provincial do software libre

Uso do Software libre por ubicación provincial da sede da empresa

Base: empresas TIC




Fonte: OSIMGA

- As empresas con sede na provincia de Lugo lideran o uso de Software Libre entre as empresas TIC con sede en Galicia, superando o 93%.
- Todos os sectores presentan unha alta porcentaxe de uso software libre, aínda que as Manufactureiras TIC e as empresas do sector das Telecomunicacións son as que lideran o seu uso.

Uso do Software libre por actividade da empresa TIC

Base: empresas TIC



Fonte: OSIMGA


2.6 Barreiras para non empregar ou ser provedoras de Software Libre

- Non varían as principais razóns para non empregar Software Libre respecto a outros anos.
- As razóns polas que as empresas afirman non contar con Software Libre son principalmente a percepción de que "Non ofrecen as prestacións necesarias", seguido da opinión da "Complexidade ou risco de cambio".

- O 36,6% das empresas TIC non ofrecen Software Libre porque non está na súa liña de negocio
- O 24,3% de empresas aducen que os clientes non demandan ou valoran o Software Libre.

Barreiras das empresas para non empregar Software Libre


Base: empresas TIC que non usan software libre



Fonte: OSIMGA

Barreiras das empresas para non ser provedoras de Software Libre

Base: empresas TIC que non ofrecen produtos ou servizos de Software Libre




Fonte: OSIMGA

2.7 Propostas de actuación e nicho de mercado

- En 2021, o 48,6% das empresas TIC indican que as axudas e subvencións serían a principal media impulsora do software libre.
- De novo, máis da metade das empresas TIC indican que o máis valorado do software libre é o seu custe.

Accións promotoras do Software Libre que demandan as propias empresas

Base: empresas TIC



Fonte: OSIMGA

Aspectos máis valorados dos clientes do Software Libre

Base: empresas TIC que ofrecen produtos ou servizos de Software Libre



Fonte: OSIMGA



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA